

Sobre «Fins do mundo» de B. Graña

RAFAEL FERNANDEZ LORENZO

ESTAMOS no fin dunha década o comenzo doutra (a dos noventa) e estamos no remate do século XX para entrar no XXI. Hai quen di que, en realidade, por técnica e mentalidade, xa pode dicirse que estamos no XXI. Pero tamén hai quen opina ou agoira que nunca entraremos no século XXI porque ó mundo vai acabar antes. X. Ferreiro falaba nestes días na «Voz de Galicia» de que o mundo, conforme o dito na súa novela «Reportaxe cósmica», podería acabar no 1999, mentras que conforme á bruxa Silvia por el entrevistada, acabaría no 2013.

Todo isto pon de actualidade un libro de B. Graña que, lento pero seguro, vaise vendendo nas librerías co título de «Fins do Mundo».

Primeiro foi da man de Raimundo Patiño que saíu nas edicións de narrativa de «Bris Pinto» no ano de 1974, en Madrid. Agora, é edicións Xerais de Galicia quen ofrece ó público a súa reimpresión. Seis son os relatos que compoñen esta nova edición, un máis que na súa versión orixinal, este último (O estudante que quixo ser burro) encanado obrigatoriamente, por necesidades edito-

riaís, faille perder ó libro o seu engado inicial.

Os relatos debidamente encabezados polas Rubaiyyat de Omar Kayyan, teñen nas mesmas un nexo que da forma e consistencia ó libro. A visión epicúrea da vida e o escepticismo son os eixos

“ A visión epicúrea da vida e o escepticismo son os eixos ó redor dos que se moven, tanto a obra de Omar Kayyan como a de Bernardino Graña

ó redor dos que se moven, tanto a obra de Omar Kayyan como a de Bernardino Graña.

Para Bernardino Graña parece ser, (lendo os relatos o intuimos) que hai «Fins do mundo», non un só «Fin do mundo», tantos como so que se queiran ver. Por exemplo, para o señor Aleuterio, o personaxe de «O pan e o viño» o fin do mundo está a punto de vir no ano 1941 por un sinal crísimos: a falta de pan e solidariedade entre a xente. Para «Volito Lisandro», o protagonista do impresionante relato «O mar que chama», o mundo acábase por terse acabado ou afundido a súa motora na boca da ría nun día de temporal.

O máis extenso dos seis é o primeiro, xa citado, que narra as peripecias ou estremoñas quixotescas do señor Aleuterio, que montado no seu burro foi a cidade na procura de pan, e o que atopou foi moito viño, moitos refráns e, á volta para a aldea, a propia morte.

O cuarto relato é para o meu gusto o máis logrado. O curioso é que nel o verdadeiro protagonista, D. Pepiño Blando, non fala, non interven para nada no diálogo, está como alleo ó que se fala. E fálase precisamente del porque queren xogarlle unha broma..., é xóganlla, pero el non chegará a enteirarse nunca. Bernardino Graña xoga ironicamente a lembrarnos que o reloxo co seu péndulo e todo un personaxe principal, como unha figura da morte coa gadaña implacable para todos.

O quinto relato titulado «Descuncando», non ten a presenza da morte. O que nel se narra é o fin da adolescencia dun mariñeiro xove que quere casar.

En definitiva, un libro bonito, polo que o lector escorra precipitadamente nunha lectura doada e atractiva, soamente paralisada por unha excesiva dose de refráns e ditos populares que desbordan uns utópicos límites establecidos.

Só me queda dicir que se, por un casual, B.G. leu o terceiro relato, debería escribir a Félix Antolín. Sanatorio, Santiago, España. E dicirlle: Querido Félix felís, últimamente estou adeprento bastante a rir. Envíochete esta tableta de chocolate como agredemento. Ghe-Ghe-Ghe.